

PAULINO FLORES PAZ, en calidade de Delegado Sindical do Sindicato de Traballadores da Administración de xustiza (STAJ) con DNI 34869835H con enderezo a efectos de notificacións no edificio antigo dos xulgados de Vigo na rua Lalín nº 4 , semisótano , CP 36209 EXPÓN:

O próximo ano ocuparemos o novo edificio xudicial en Vigo. Pensamos que é o momento de expor novas cuestións. Un novo edificio con vellos defectos non é unha aposta plausible.

Independientemente dás instalacions , é o momento de crear un Decanato con novas funcións.

VIDEOCONFERENCIAS.

A día de hoxe, non parece o mais recomendable nin eficaz que cando se recibe un exhorto no Servicio de Repartición para facer unha videoconferencia teña que turnarse a un xulgado. O coherente sería que unha vez recibido se tramitase no Decanato . Se fose necesario practicar algún acto de comunicación o fixese Servicio Común de Notificacións e Embargos e practicar a videoconferencia no propio servicio do Decanato , procedendo a devolución do mesmo.

Para realizar este labor únicamente precisamos mais persoal destinado no Decanato e unha sala con varias dependencias pechadas onde poder centralizar as videoconferencias dos exhortos que se reciben. Dependencias pequeñas aproximadamente de cinco ou seis metros cadrados acristaladas , onde se poderían realizar varias videoconferencias de forma simultánea, atendidas por un ou dos funcionarios.

Tal como se está realizando a día de hoxe, unha vez recibido un exhorto, para realizar unha testifical por videoconferencia para un día e hora determinada, unha vez recibido, dáselle número e enviase os xulgados.

Recibido no xulgado exhortado empezamos de novo rexistrando , incoando e tentando localizar á devandita testemuña-perito para poder practicar testifical por video. Chegado ese momento necesitamos un funcionario para realizar o acto de comunicación , cecesitará unha dependencia e únicamente poderá atender a esa testemuña/perito.

Sen mencionar os trastornos que lle ocasionan ó xulgado exhortante ao interesarse polo estado do exhorto cando se aproxima a data da vista pois nin tan sequera saberá en que órgano xudicial recae, por tanto terá que iniciar unha rold de chamadas telefónicas previas para localizalo.

Persoal para as tarefas de rexistro e repartición e persoal desligado destes labores dependentes do Decanato que se encargase de recibir o exhorto, incoalo e unha vez realizada a videoconferencia ou a súa imposibilidade proceder á devolución así nos aforraremos tódolos trámites anteriores. E por certo cunha soa chamada ao Decanato podererase saber en cada momento cal é a situación do exhorto.

OFICINAS DE APUD-ACTAS.

Solicitados a creación dunha oficina na que se centralice a realización de todas as comparecencias apud-actas, aliminando o actual sistema de rotación entre os xulgados de primeira instanica. Esta oficina dependerá do Decanato e será dotada do persoal suficiente para a realización da devandita función con un mínimo de un funcionario do corpo de Tramitación e un LAJ.

SERVICIO DE APOIO.

Que dicir do Servicio de Apoio, que existe só en teoría, nos concursos de traslado á hora de pedir praza pero que o que se dí apoiar aos xulgados que o necesiten pola súa excesiva carga de traballo , iso non o fan .Por certo esta petición xa foi feita na DXX e reiterada nesa Sala de Goberno do TSJ de Galicia por ser conscientes da sua importancia non só para Vigo senon para o resto das vilas mais grandes de Galicia, pois lembremos que únicamente funciona en Pontevedra.



SINDICATO de
ADMINISTRACIÓN


TRABAJADORES
de JUSTICIA



Por todo iso desde STAJ interesamos que se pontencie o Decanato dos Xulgados de Vigo e das restantes vilas co persoal suficiente para poder desenvolver non só as labores de rexistro e repartición se non todas as relacionadas cos exhortos nos que se interesa a celebración de videoconferencias , o Servicio de Apoio e a xestión de todas as apud-actas e que se for necesario, polo maior volumen de asuntos , que se poña á fronte do mesmo un/unha LAJ execto de labores xurisdicionais.

En Vigo a 20 de xaneiro de 2021

Fdo. Paulino Flores Paz



**Excmo.Sr. Presidente del TSJ de Galicia
Sala de Gobierno**